



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALÉX**

**CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

**Artigo 1.º**

1. Coa denominación de "**MAR DE LENGUAS-AS.P.AL.EX DE EOI DE A CORUÑA**"- Asociación de profesores, alumnos e exprofesores e alumnos da EOI da Coruña constituyese unha asociación sen ánimo de lucro.

2. A asociación rexerese polos estatutos vixentes e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e pola demais lexislación actual existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2.º**

1. O domicilio principal e permanente da asociación radica na localidade da Coruña, na rúa da Educación, nº1.

2. Tanto o cambio de domicilio permanente como a creación de locais noutras cidades faresh mediante a modificación de estatutos acordado pola Asamblea Xeral en xunta ordinaria ou extraordinaria, dando conta do seu acordo á Consellería responsable.

**Artigo 3.º**

A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

**Artigo 4.º**

1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria e por causas previstas na lexislación vixente.



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

2. A asociación rexerese polos principios democráticos contidos no marco da constitución e o resto do ordenamento xurídico.

**Artigo 5.º**

1. Son fins principais da asociación.

1.1. Promover as oportunidades de aprendizaxe a través da educación, a cultura e a comunicación ao longo de toda a súa vida dentro desta comunidade educativa.

1.2. Estimular a plena participación dos seus membros na vida escolar, colaborando coa Dirección, os departamentos da escola e tamén das seccións dentro da nosa comunidade.

1.3. Favorecer que os seus membros sexan inclusivos, seguros e resilientes.

2. Para levar a cabo as súas funcións, a asociación poderá organizar os seguintes tipos de actividades.

2.1. Actividades educativas

2.2. Actividades deportivas

2.3. Actividades culturais de diversos tipos: proxeccións de videos, audicións, actividades musicais, coros, conferencias, charlas de divulgación, actividades en fomento do teatro, visita a museos, proxeccións de patrimonio artístico, organizacións de exposicións e, en xeral, cantas actividades culturais se podan desenvolver.

2.4. Viaxes culturais, intercambios culturais e fomento das relacións de Galiza con outros países.

2.5. Organización de cursos monográficos, e intercambios de estudantes, creación dunha páxina web de difusión cultural, organización de cursillos de lingua e literatura estranxeiras,



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

organización de xornadas gastronómicas.

2.6. Manter un ficheiro cos datos dos seus afiliados, e unha bolsa de traballo con ofertas que ata a asociación poidan chegar.

2.7. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente á consecución destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras entidades nin personas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## **CAPÍTULO II: DOS ASOCIADOS**

### **Artigo 6.º**

1. Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas con plena capacidade de obrar, e as persoas xurídicas que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:

1.1. Ser alumnos ou antigos alumnos da Escola Oficial de Idiomas da Coruña.

1.2. Ser antigos alumnos de calquera Escola Oficial de Idiomas.

1.3. Estar matriculado en calquera Escola Oficial de Idiomas polo menos un ano.

1.4. Ser profesor dunha Escola Oficial de Idiomas en activo ou non, así como en situación de excedencia ou (pre)xubilación.

2. Poderán ser integrantes da asociación na súa sección xuvenil, os menores non emancipados de máis de 14 anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

3. Para formalizar a admisión deberán cubrir os formularios, pagar as cotas e ter o visto praxe do secretario.

### **Artigo 7.º**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores: aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios: aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Xuvenís: aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, que estarán integradas na sección xuvenil, no seu caso.

**Artigo 8.º**

1. A condición de asociado pérdese:

- 1.1. Por vontade propia.
- 1.2. Por falta de pagamento da cota anual que se fará no primeiro trimestre do curso escolar.
- 1.3. Por incumprimento das súas obrigas, ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, logo do expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
- 1.4. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados 1.2.e1.3. do parágrafo anterior, será acordada pola xunta directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola asemblea xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 9.º**

Os asociados teñen os seguintes dereitos:



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**


- a) Participar nas actividades que leve a cabo a asociación e nos actos sociais que organicen para todos os asociados.
- b) Participar nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito a voto, así como asistir a asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
- c) Ser informado da composición dos órganos de goberno, do seu estado de contas, e do desenvolvemento da súa actividade.
- d) Ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- e) Ter un exemplar destes estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- f) Ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos da asociación.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos representantes desta.

**Artigo 10.º**

Son obrigas dos asociados:

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- b) Pagar as cotas que se establezan.
- c) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adaptados polos órganos de goberno e de representación da asociación.
- e) Acatar o contido dos estatutos.
- f) Ter un comportamento cívico e respetuoso.

**CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

**Artigo 11.º**

A dirección e a administración da asociación serán exercidas polo presidente, a xunta directiva e a asemblea xeral.

**Artigo 12.º**

1. O presidente da asociación será designado pola asemblea xeral entre os asociados que teñan un ano de antigüidade e o seu mandato durará dous (2) anos.

Esta antigüidade non será esixible para a elección do primeiro presidente.

2. O presidente terá as seguintes atribucións:

2.1. Representar a asociación perante calquera organismo público ou privado.

2.2. Convocar e presidir as sesións que celebre a xunta directiva; presidir as sesións da asemblea xeral; Dirixir as deliberacións dunha e doutra.

2.3. Executar os acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral

2.4. Ordenar os pagamentos acordados validamente.

2.5. Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou o membro da xunta directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O presidente será asistido nas súas funcións polo vicepresidente que, ademais, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

**Artigo 13.º**

1. A xunta directiva estará formada polo presidente da asociación, vicepresidente, secretario, tesoureiro e polo menos dous (2) vogais.



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

2. Os cargos que compoñen a xunta directiva serán desempeñados de forma gratuíta sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación, asemade estarán exentos do pago das cotas.

3. A asemblea xeral será a competente para elixir os cargos da xunta directiva. A súa duración será por un periodo de dous (2) anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. Os cargos da xunta directiva se renovarán por metade. Na primeira quenda serán renovados vicepresidente, tesoureiro e a metade dos vogais. E na segunda, ao ano seguinte, o presidente, secretario e a outra metade dos vogais. A xunta directiva decidirá contratar unha xestoría no suposto que se fagan cursos có persoal axeno á escola.

4. Os cargos cesarán na súa función por:

4.1. Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica

4.2. Renuncia voluntaria


4.3. Transcurso do prazo para o que foron elixidos

4.4. Acordo de cesamento de toda a xunta directiva adoptado por dous terzos (2/3) dos asociados reunidos en asemblea xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

4.5. Incumplimento das súas obrigas

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

**Artigo 14.º**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

A xunta directiva terá as seguintes atribucións:


- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación
- c) Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Convocar e fixar a data da asemblea xeral
- e) Propoñerlle á asemblea xeral a fixación de cotas.
- f) Designar as comisións de traballo que se estimen oportunas
- g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral.
- h) Propoñer o plan de actividades da asociación á asemblea xeral para a súa aprobación.
- i) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

**Artigo 15.º**

1. A xunta directiva será convocada polo presidente ou o vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo presidente e, na súa ausencia, polo vicepresidente ou secretario por esta orde, e a falta de ambos polo membro da xunta directiva que teña máis idade.

2. Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros. O secretario, ou no seu defecto, o vicepresidente ou un





**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

vogal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá no libro de actas.

**Artigo 16.º**

Os membros da xunta directiva presidirán as comisións que a propia xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a xunta directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

**Artigo 17.º**

1. A asemblea xeral de asociados é o organo de expresión da vontade da asociación e estará formada polos integrantes desta

**Artigo 18.º**

A asemblea xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a xunta directiva, ou o solicite o dez (10) por cento dos asociados. Neste último caso, realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no cal se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 19.º**

A asemblea xeral ordinaria reunirse necesariamente no período que vai desde o mes de xaneiro ata o de xuño. Tanto a asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con quince (15) días de antelación polo presidente da xunta directiva. A notificación farase nos correos electrónicos e/ou por escrito para as asembleas ordinarias e as extraordinarias.

**Artigo 20.º**

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

- a) Aprobar o plan de actividades.
- b) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- c) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos de cada exercicio.
- d) Examinar e aprobar as contas.

**Artigo 21.º**

Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación.
- b) Elixir e cesar os integrantes da xunta directiva.
- c) Aprobar a federación con outras asociacións.
- d) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- e) Acordar a disolución da asociación.
- f) Designar os liquidadores.
- g) Ratificar a expulsión de asociadas e asociados a proposta da xunta directiva.
- h) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- i) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- l) As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia, ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria.
- m) Todas as non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

**Artigo 22.º**

A asemblea xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente, e do secretario ou da persoa que o substitúa.

**Artigo 23.º**

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados do a) ao g), do artigo 21.º, que requirirán maioría de dous terzos (2/3). A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao o presidente, o secretario da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola asemblea xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

**Artigo 24.º**

Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados, inclusive os non asistentes. As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da xunta directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

**Artigo 25.º**

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da asemblea xeral sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 26.º**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, igualmente, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto. Incumbirá de maneira concreta ao secretario velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes

en materia de asociacións. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vogais un que desenvolva esta función.

**Artigo 27.º**

O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento as ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación, así como das contas de resultados e balances. O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince (15) días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

**Artigo 28.º**

Os e as vogais terán as seguintes atribucións:

- a) Realizar programas/propostas na súa área de actuación.
- b) Desempeñar os traballos que lle(s) sexan encomendados pola xunta directiva.

**CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 29.º**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

A asociación se constitúe sen patrimonio incial. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. Funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na asemblea xeral ordinaria.

**Artigo 30.º**

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas dos asociados
- b) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- c) Ingresos que se reciban polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- d) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 31.º**

A asemblea xeral ordinaria, a proposta da xunta directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

**Artigo 32.º**

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados, durante un prazo non inferior a quince (15) días ao sinalado para a celebración da asemblea xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

**Artigo 33.º**

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias, será necesaria a sinatura conxunta do presidente, vicepresidente e do tesoureiro.

**Artigo 34.º**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados recursos obtidos pola asociación.

## **CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

### **Artigo 35.º**

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO VI: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 36.º**

Os ditos estatutos so poderán ser modificados por acordo da asemblea xeral extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas dúas terzas (2/3) partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

### **Artigo 37.º**

A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas dúas terzas (2/3) partes dos asistentes á asemblea xeral extraordinaria convocada para tal efecto. Acordada a disolución, a asemblea xeral extraordinaria designará tres asociados liquidadores, que xunto co presidente, o vicepresidente e o tesoureiro, procederán para efectuar a liquidación dos bens,



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS  
E EX-ALUMNOS E DE PROFESORES E  
EX-PROFESORES DA EOI DA CORUÑA  
ASPALEX**

pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 38.º**

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa que teña iguais ou similares fins que os desta asociación. O xustificante da doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

A Coruña, 8 de Junio de 2020